



Semana Santa LUGO 2019

Declarada de Interese Turístico Galego

Cúmprase neste ano 350 do aniversario da institución da “Ofrenda ao Santísimo Sacramento” pola Xunta do Reino de Galicia. Esta conmemoración convidanos a avivar a memoria da nosa tradición espiritual e cultural, que é, en realidade, a deste Pobo que cada ano se reúne na primavera, para celebrar na Semana Santa o misterio da súa fe: temos un Salvador, Xesucristo, que entregou todo o seu ser por nós, que aceptou a cruz para abrírnos o camiño da vida en comunión con El.

O triduo pascual que conmemoramos inicia co Xoves Santo, día da institución da Eucaristía e do lavatorio dos pés, do sacramento da comunión eclesial e do mandamento novo do amor, como anticipación de todos os acontecementos cos que Cristo cumprirá a súa misión, ata a “Pascua florida” na que nos alegra a noticia da nosa salvación.

Para moitas mentalidades que nos rodean, poderíamos contentarnos cos ensinamentos e as ideas de Xesús. Pero nós, en cambio, cos actos da Semana Santa demostramos que necesitamos e, de feito, temos moito máis: a súa persoa e a súa compañía verdadeira, un amor real —humano e divino— que se sacrifica por nós, no que cremos e no que confiamos, manifesto de modo culminante na Eucaristía. Anunciamos que o perdón dos pecados, conseguido ao caro prezo do sangue, é unha gran realidade, como tamén a resurrección gloriosa, que sucedeu ao terceiro día e que é xa a nosa esperanza indestruíble.

A celebración da Semana Santa, como logo a Ofrenda ao Santísimo, expresa o recoñecemento dunha presenza e duns acontecementos definitivos, nos que vemos a proximidade e a humildade de Deus, e nos que nos gloriamos pola grandeza do amor e do don do noso Señor. Exprésase así o corazón da nosa tradición máis verdadeira, noso ser Pobo de Deus, que cre e goza da comunión con Cristo e que desexa incorporar o Evanxeo a toda a súa vida.

Que a Santísima Virxe María, nai de Deus e nai nosa, nos axude a participar con fe nas grandes celebracións litúrxicas, así como nas procesións e os actos de penitencia ou devoción; e nos anime a vivir este tempo con fraternidade e hospitalidade sinceras. Que a súa intercesión sosteña ás nosas confrarías, as nosas comunidades e parroquias, para que sexan sempre lugares onde recobrar a esperanza e experimentar a verdadeira caridade, para que cheguen a ser durante todo o ano signos vivos deste gran misterio da fe que celebramos solemnemente os días da Semana Santa.

+ Alfonso Carrasco Rouco
Bispo de Lugo

Se cumplen en este año 350 del aniversario de la institución de la “Ofrenda al Santísimo Sacramento” por la Junta del Reino de Galicia. Esta conmemoración nos invita a avivar la memoria de nuestra tradición espiritual y cultural, que es, en realidad, la de este Pueblo que cada año se reúne en primavera, para celebrar en la Semana Santa el misterio de su fe: tenemos un Salvador, Jesucristo, que entregó todo su ser por nosotros, que aceptó la cruz para abrírnos el camino de la vida en comunión con Él.

El triduo pascual que conmemoramos inicia con el Jueves Santo, día de la institución de la Eucaristía y del lavatorio de los pies, del sacramento de la comunión eclesial y del mandamiento nuevo del amor, como anticipación de todos los acontecimientos con los que Cristo cumplirá su misión, hasta la “Pascua florida” en la que nos alegra la noticia de nuestra salvación.

Para muchas mentalidades que nos rodean, podríamos contentarnos con las enseñanzas y las ideas de Jesús. Pero nosotros, en cambio, con los actos de la Semana Santa demostramos que necesitamos y, de hecho, tenemos mucho más: su persona y su compañía verdadera, un amor real —humano y divino— que se sacrifica por nosotros, en el que hemos creído y en el que confiamos, manifesto de modo culminante en la Eucaristía. Anunciamos que el perdón de los pecados, conseguido al caro precio de la sangre, es una gran realidad, como también la resurrección gloriosa, que sucedió al tercer día y que es ya nuestra esperanza indestruíble.

La celebración de la Semana Santa, como luego la Ofrenda al Santísimo, expresa el reconocimiento de una presencia y de unos acontecimientos definitivos, en los que vemos la cercanía y la humildad de Dios, y en los que nos gloriamos por la grandeza del amor y del don de nuestro Señor. Se expresa así el corazón de nuestra tradición más verdadera, nuestro ser Pueblo de Dios, que cree y goza de la comunión con Cristo y que desea incorporar el Evangelio a toda su vida.

Que la Santísima Virgen María, madre de Dios y madre nuestra, nos ayude a participar con fe en las grandes celebraciones litúrgicas, así como en las procesiones y los actos de penitencia o devoción; y nos anime a vivir este tiempo con fraternidad y hospitalidad sinceras. Que su intercesión sostenga a nuestras cofradías, nuestras comunidades y parroquias, para que sean siempre lugares donde recobrar la esperanza y experimentar la verdadera caridad, para que lleguen a ser durante todo el año signos vivos de este gran misterio de la fe que celebramos solemnemente los días de la Semana Santa.

+ Alfonso Carrasco Rouco
Obispo de Lugo

Sábado 6 de abril

IV CONCERTO DE MÚSICA SACRA
18:00 h na S. I. Catedral Basílica de Lugo

Dirección: Iván Martínez Sabio
Banda Filarmónica de Lugo



Martes 9 de abril

V CONCERTO CORAL DE SEMANA SANTA
20:30 h na Igrexa de Santiago A Nova

Coro de Nenos da Parroquia de Santiago A Nova
Dirección: M. I. Rvdo. D. Luis Varela Castiñeira

Orfeón Xoán Montes
Dirección: Elisabet Filgueira Gesteira



Mércores 10 de abril

PREGÓN SEMANA SANTA
20:00 h no Salón Rexio do Círculo das Artes

FEDERICO FERNÁNDEZ DE BUJÁN FERNÁNDEZ



- Catedrático de Dereito Romano da Universidade de Las Palmas no 1994 e da UNED desde 2000.
- Académico de número, electo, da Real Academia de Doutores de España.
- Vicepresidente da Sección Dereito Romano da Real Academia Jurisprudencia Legislación, RAJL, e Vicepresidente da Sección de Dereito Iberoamericano da RAJL e da Real e Pontificia Congregación da Purísima da RAJL.
- Académico correspondente Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación.

ACTUACIÓN DO ORFEÓN LUCENSE

Dirección: Marcos Fernández Mosquera
Organista: M. I. Rvdo. D. Luis Varela Castiñeira



Venres 12 de abril

SOLEMNE VÍA CRUCIS
20:30 h na Praza Pío XII e S. I. Catedral Basílica de Lugo

Preside Mons. D. Alfonso Carrasco Rouco, Bispo de Lugo

Sairá en procesión o paso do Cristo da Misericordia venerado na igrexa de Santiago A Nova, que será portado a ombreiros de corenta mulleres.

AUTO DA PAIXÓN DE NOSO SEÑOR XESUCRISTO

Representación: Parroquias de Antas de Ulla e San Miguel de Esporiz - Monterroso.



14 de abril. Domingo de Ramos

11:30 h

BENDICIÓN DE RAMOS e PROCESIÓN DA ENTRADA TRIUNFAL DE XESÚS EN XERUSALÉN

Neste día a Igrexa conmemora a entrada de Xesús en Xerusalén para consumir o seu misterio pascual.

Na Praza Santa María o Sr. Bispo procede á solemne bendición dos ramos; seguidamente desfilarán os nenos e nenas da Confraría da Entrada Triunfal. A continuación terá lugar a celebración da Misa do Domingo de Ramos na S. I. Catedral Basílica.

ORGANIZA: Confraría da Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén.

ITINERARIO: Praza de Santa María, Praza Maior, Rúa Raiña, Armanyá e Praza Maior.

19:00 h

PROCESIÓN DA VIRXE DAS DOLORES

ORGANIZA: Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dolores de María Santísima.

ITINERARIO: Convento Franciscanos, fondo Praza Maior, Conde Pallares, Doutor Castro, Praza Maior, San Pedro, Progreso, Xoán Montes, Raiña, Praza Maior e remata diante do Convento Franciscanos.

Nesta procesión sairán o paso da Virxe das Dolores, a ombreiros de homes confrades, escoltado por mulleres ataviadas de mantilla española, e o paso da Veracruz, a ombreiros de mulleres confrades. Acompañados durante todo o percorrido pola Banda Municipal de Meira. Ao remate da procesión, o Orfeón Xoán Montes interpretará a "Salve Raiña".



15 de abril. Luns Santo

20:30 h

PROCESIÓN DA VIRXE DA ESPERANZA

ORGANIZA: Insigne Confraría da Virxe da Esperanza.

ITINERARIO: Igrexa da Nova, Praza Anxo Fernández Gómez, Campo Castelo, Ronda da Muralla, Bispo Aguirre, fondo Praza Maior, Conde Pallares, Santo Domingo, Raiña, Praza Maior (diante do Concello) e remate na Praza Anxo Fernández Gómez.

Nesta procesión participa a Armada Española, Irmán Maior Honorario. Sairá con dous pasos: a Virxe da Esperanza e a Oración no Horto das Oliveiras, a ombreiros de confrades. Ao remate da procesión, a Armada Española entoará a "Salve Mariñeira".

16 de abril. Martes Santo

20:30 h

PROCESIÓN DO BO XESÚS E DO NAZARENO

ORGANIZA: Episcopal e Catedralicia Confraría do Bo Xesús e do Nazareno.

ITINERARIO: Catedral, Praza Pío XII, Bo Xesús, Praza Santa María, Casas Nóvoa, Praza Maior, Armanyá, Sto. Domingo, Rúa da Raíña, Praza Maior, Praza Santa María, Bo Xesús e Catedral.

Esta procesión sairá con dous pasos: o Bo Xesús e o Nazareno. Participa unha unidade da Brilat "Galicia VII", que escoltará a procesión durante todo o seu percorrido.

Chegada a procesión á Praza Maior, á altura do convento dos PP Franciscanos, producirase o "Encontro de María con Xesús camiño ao Calvario". En fraternal colaboración coa Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dores de María Santísima, as portas do convento abríranse para que a Virxe das Dores —na súa Cuarta Dor— se encontre co seu Fillo camiño ao Calvario. Durante este acto, o Exército de Terra entoará un cántico propio para este emotivo acto.



17 de abril. Mércores Santo

11:00 h

MISA CRISMAL na S. I. Catedral Basílica

Presidida polo Sr. Bispo, Dr. D. Alfonso Carrasco Rouco, e concelebrada polos sacerdotes da Diocese.

Durante a celebración conségranse os Santos Óleos que serán levados polos presbíteros ás súas parroquias para a administración dos sacramentos ao longo do ano.



20:30 h

**PROCESIÓN DO CRISTO DO PERDÓN E DA VIRXE DA PIEDADE
E VÍA CRUCIS PENITENCIAL**

ORGANIZA: Confraría do Santo Cristo do Perdón e Nosa Señora da Piedade.

ITINERARIO: Catedral, Praza Pío XII, Bo Xesús, Casas Nóvoa, Praza Maior, Rúa da Raiña, Santo Domingo, Rúa da Raiña, Praza Maior, Casas Nóvoa, Bo Xesús e Catedral.

Sae esta procesión con dous pasos: o Cristo do Perdón e a Virxe da Piedade. Membros do Instituto da Garda Civil, Irmán Maior Honorario, danlle escolta á imaxe do Cristo do Perdón. Ao chegar á rúa da Raiña celebrarase o tradicional VÍA CRUCIS.

18 de abril. Xoves Santo

18:00 h

EUCARISTÍA DA SANTA CEA. S. I. Catedral Basilica

Presidida polo Sr. Bispo da Diocese, Dr. D. Alfonso Carrasco Rouco, onde se fai memoria da Santa Cea na que tivo lugar a institución da Eucaristía e do sacerdocio. O lavatorio dos pés lembra o xesto realizado por Xesús no Cenáculo, no que El nos revela o amor escondido no seu sacrificio no Calvario, e nos da o mandamento novo de amar coma El.

19:30 h

PROCESIÓN DA SANTA CEA

ORGANIZA: Confraría Sacramental da Santa Cea do Señor.

ITINERARIO: Catedral, Bo Xesús, Praza de Santa María, Praza Maior, Praza de Santa María, Bo Xesús e Catedral.

A Reserva do Santísimo ten en Lugo un especial significado, pois a Basílica lucense goza do privilexio inmemorial da súa "Exposición continua" no esplendoroso Altar maior. Desde 1963 está vixente o privilexio único de facer esta Reserva cunha procesión solemne da Sagrada Forma polas rúas da cidade.

O paso da Santa Cea, con esculturas de tamaño natural, inclúe sobre a mesa o grande e suntuoso tabernáculo procesional, dentro do que se instala o viril ou custodia de man.



19 de abril. Venres Santo

12:00 h

SERMÓN DAS SETE PALABRAS. S. I. Catedral Basílica

Acto de piedade e reflexión sobre as palabras de Cristo na Cruz. Acompañará o grupo vocal Solo Voces baixo a dirección de Fernando Jácome.

ORGANIZA: Confraría do Santo Cristo do Perdón e da Nosa Señora da Piedade.

18:00h

CELEBRACIÓN DA PAIXÓN DO SEÑOR. S. I. Catedral Basílica

Presidida polo Sr. Bispo da Diocese, Dr. D. Alfonso Carrasco Rouco.

18:30 h

ACTO DO DESENCRAVO DO SEÑOR. Igrexa Conventual dos PP. Franciscanos

ORGANIZA: Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dolores de María Santísima.

"...é o Desencravo, dun dramatismo que fai romper en prantos e xemidos á maioría dos fieis que enchen o fermoso templo". (Vicente Risco, describindo este emotivo e fermoso acto).

Para este acto emprégase unha imaxe articulada de Cristo que será descendido por confrades.

20:00 h

PROCESIÓN DO SANTO ENTERRO

ORGANIZA: Orde Franciscana Segrar e Confraría do Desencravo do Señor e das Maiores Dolores de María Santísima.

ITINERARIO: Praza da Soidade, Tcnel. Teijeiro, Armanyá, Conde Palleares, Praza de Santa María, onde se incorporan todas as irmandades cos seus pasos, Praza Maior por Franciscanos e por diante do Concello, Raiña, Santo Domingo, Armanyá, Tcnel. Teijeiro e remate no fondo de Sto. Domingo.

Esta procesión, a máis antiga de Lugo, sae cos pasos da Virxe da Soedade e do Cristo lacente. Desde o ano 1948 incorpórase o paso do Desencravo, e desde o ano 2001, o paso de O Descendido que anteriormente é baixado da Cruz polos confrades no Acto do Desencravo, e que será escoltado por membros da Policía Autonómica, Irmáns Maiores Honorarios desta decana confraría, e portada a ombreiros de mulleres confrades.

É o acto central da Semana Santa, e as outras irmandades súmanse ás 20:15 h ao seu paso ao carón da Praza de Santa María.

23:00 h

PROCESIÓN DA VIRXE DA SOIDADE "AS CALADIÑAS"

Organiza: Orde Franciscana Seglar.

En silencio e con moita devoción, «as Caladiñas» acompañan á Virxe da Soidade durante as horas posteriores á morte do seu Fillo.



20 de abril. Sábado Santo

08:30 h
**PENITENCIAL DA VIRXE DA PIEDADE,
SANTO ROSARIO E VÍA CRUCIS**


ORGANIZA: Confraría do Santo Cristo do Perdón e da Nosa Señora da Piedade.

ITINERARIO: Catedral, Bo Xesús, Praza Santa María, Praza Maior,
Praza Santa María, Bo Xesús e Catedral.

Sae esta procesión co paso da Virxe da Piedade.

23:00 h
SOLEMNE VIXILIA PASCUAL. S. I. Catedral Basílica

Preside o Sr. Bispo da Diocese. Á noite do Sábado Santo comeza a solemne Vixilia Pascual, a "nai de todas as Vixilias". Despois de bendicir o Lume Novo, acéndese o Cirio Pascual, símbolo de Cristo que ilumina a todos, e resoa xubiloso o gran anuncio do Exsultet. Logo, a comunidade eclesial, escoitando a Palabra de Deus, espera en vela o acontecemento da súa liberación definitiva da escravitude do pecado e da morte.



21 de abril. Domingo de Pascua

11:40 h

PROCESIÓN DO SANTO ENCONTRO

ITINERARIO: Concello, paseo central da Praza Maior, Casas Nóvoa, Praza de Santa María, Bo Xesús e praza de Pío XII.

A imaxe da Virxe do Rosario, Patroa especial do Concello de Lugo, vai ao encontro do seu Fillo Resucitado. Esta curta procesión ten unha especial solemnidade e significación.

12:00 h

SOLEMNE MISA PONTIFICAL DE RESURRECCIÓN. S. I. Catedral Basílica

Mons. D. Alfonso Carrasco Rouco preside esta Eucaristía. Asisten autoridades cívicas e eclesiais e unha representación das confrarías, xa sen o capuz, simbolizando a alegría pola Resurrección.

13:30 h

Ao remate da Santa Misa, PROCESIÓN DO CRISTO RESUCITADO

ITINERARIO: Praza de Santa María, Praza Maior, Rúa da Raíña, Sto. Domingo, San Marcos e remate na Igrexa de San Froilán.

ORGANIZA: Confraría da Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén.



Outras celebracións

Do 4 ao 12 de abril, ás 19:30 h
NOVENA VIRXE DAS DOLORES. Capela da Soidade

ORGANIZA: Orde Franciscana Segrar

Día 14 de abril, de 10:00 a 14:00 h
BICAPÉS DE XESÚS NAZARENO. S. I. Catedral Basílica

ORGANIZA: A Episcopal e Catedralicia Confraría do Bo Xesús

CELEBRACIÓN DO TRIDUO PASCUAL PARROQUIAS E COMUNIDADES RELIXIOSAS

Parroquias	Xoves Santo		Venres Santo		Sábado Santo
	Misa da Cea do Señor	Hora Santa	Vía Crucis	Celebración da Paixón	Vixilia Pascual
S.I. CATEDRAL BASÍLICA	18:00 h	22:00 h	---	18:00 h	23:00 h
S. PEDRO	17:00 h	---	11:30 h	17:00 h	21:00 h
SANTIAGO A NOVA	20:00 h	23:00 h	12:00 h	17:30 h	21:00 h
NOSA SEÑORA DAS FONTIÑAS	18:30 h	---	---	18:30 h	---
SAN FROILÁN	19:00 h	---	19:00 h	17:00 h	20:30 h
SAN ANTONIO	17:00 h	22:00 h	12:00 h	16:00 h	21:30 h
SAGRADO CORAZÓN	17:00 h	20:00 h	12:00 h	17:00 h	21:30 h
SANTIAGO DE CASTELO	18:30 h	---	18:30 h	---	---
A MILAGROSA	17:00 h	22:00 h	12:00 h	17:00 h	22:00 h
SAN LORENZO ALBEIROS	17:00 h	---	18:15 h	17:00 h	21:00 h
SAN FRANCISCO XAVIER	17:00 h	22:00 h	11:00 h	17:00 h	22:00 h
BO PASTOR	20:00 h	---	17:30 h	18:00 h	22:00 h
SAN XOSÉ DAS GÁNDARAS	17:00 h	19:00 h	18:00 h	17:00 h	21:00 h
SAN LÁZARO DA PONTE	17:00 h	---	---	17:00 h	---
PIUGOS	18:30 h	---	---	18:30 h	---
PP FRANCISCANOS	19:30 h	---	18:30 h	17:00 h	20:00 h
MM SALESAS	17:00 h	---	---	16:00 h	20:00 h
MM AGUSTINAS	17:00 h	---	---	17:00 h	20:00 h
HERMANAS DE LA CRUZ	18:30 h	---	---	16:30 h	21:30 h
RESIDENCIA SAN ROQUE	16:00 h	---	---	16:00 h	20:00 h
CAPELA DA SOIDADE	16:00 h	---	---	15:00 h	---

Horarios susceptibles de variación, consultar na parroquia



Patrocinan:



Colabora:

